

exp. 2023/G003/000623

DECRETO NÚM.:	ASUNTO: CONVOCATORIA CONCELLO PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA
----------------------	---

Motivación celebración sesión extraordinaria: Resultando necesario o pronunciamento do Pleno do Concello sobre determinados asuntos cuxa resolución non permite esperar a ser tratados na vindeira sesión ordinaria do Pleno.

Enterada da relación de expedientes e logo de ver os artigos 77 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante ROF), e demais lexislación concordante,

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados co/s asunto/s que figura/n na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **02 DE MAIO DE 2023 (MARTES)**, ás **09:00 horas (nove da mañá)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

Nº	ASUNTO/S
1	MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 8 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTA COMBA PARA A CORRECTA LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO DO CAMPO DA FESTA DE VILAMAIOR. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL.
2	SORTEO PÚBLICO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS LOCAIS 2023
3	COMPROBACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE SANTA COMBA
4	RECTIFICAR O ACORDO DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito:

APELIDOS E NOME	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
LIÑARES GONZÁLEZ, MANUEL RAFAEL	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANTELO ÁLVAREZ, JESSICA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	Membro non adscrito	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	Membro non adscrito	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interperse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interperse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

Dou fe. A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada